




ELECCIÓN DAS/OS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG do 18/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DE NAIS, PAIS ou TITORAS/ES DO ALUMNADO, segundo as seguintes normas:

- 1) De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 persoa representante** das nais, pais ou titoras/es legais do alumnado, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar. Os outros 2 representantes de pais/nais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022 salvo cambio expreso da persoa representante da ANPA.
- 2) Son electores todas as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 8 de novembro**.
- 3) Son elixibles todas as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas **ata as 14:00 horas do citado día 8 de novembro**.
- 4) O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre todas as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais que non se presenten como candidatas/os, **o día 11 de novembro, ás 13:30 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do centro, que actuará como Presidente, e catro todas as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais, actuando de secretaria/o a/o de menor idade.
- 5) A campaña electoral comprenderá **dende o 11 ao 15 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición das candidatas/os, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6) Poderán actuar como supervisores da votación as nais, pais ou, se é o caso, as titoras/es legais do alumnado matriculado no centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electoras/es.
- 7) As votacións realizaranse neste instituto **o día 19 de novembro de 2024 de 17:00 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:45 horas.
- 8) Na papeleta de votación cada electora/or fará constar un máximo **1 nome** das



candidatas/os presentados, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

- 9) Teñen dereito ao voto a nai e o pai ou, se é o caso, a titora/or legal do alumnado.
- 10) Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11) A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Perillo, a 30 de outubro de 2024

O director e presidente da xunta electoral


Agustín Fernández Gago

